

POEMARIO

(En galego)

de

Antonio Santos Cidrás

MOLLADO

Mollados e fríos
os homes do mar
soñan co verán.

Para esquecer e quentar, soñan
coa súa xente, os fillos,
a muller, os amigos
irmáns e curmáns
e os cartos que van gañar.

Esquecen o corpo
e o traballar.

É o normal
sufrir e demostrar forza,
e que eles son máis rexos
cos demais homes da terra
e os peixes do mar.

PEDRAS

Os penedos son do mar
a laxe é da terra,
os seixos do río
e na praia a area
e rochas tamén.

Os homes
de mans amarelas, traballan
labran a pedra.

Os canteiros,
no chouso da veiga,
coa forza dos celtas.

A GALIZA

A Galiza

Única iSI!

Nin mellor nin peor.

Criounos en folgos

de onte para hoxe

á espera da recuperación

do mar e da terra

-Que aínda queda.

O mellor quedou baixo

E o novo non ten comparanza

Non pode aguantar a humillación

das estradas

e a especulación dos cartos

nas praias

e nos soutos das montañas

única SI

xunta nós.

O POEMA

Hoxe, debullo un poema
é que sinto algunha pena.
Nubes negras ameazan,
Eu son só.
Só, triste e confuso
rodeado
do máis feliz dos mundos
que non quero esquecer.
Ó caer as apagadas estrelas
sinto caer o meu ser
lembrando o que non puido ser.
Na miña exiliada terra
non quero e non podo
chorar e morrer
Quero que me enterren de pé
e planten un carballo na testa.

SÉMOLA

SOS sen Carballeira

na lembranza e na espera
dun atlante de ríxido sentir
como el.

O que non volveu repetir
a nosa ribeira de Bueu.

Nós seguimos perseverando
na espera do sol quente
da revolución.

Onde xermina a súa semente
regada cos choros das vellas
e a xuventude descontenta
-Semente de Carballeira.

NAVEGAR

Navegan os buques
debuxando o ceo no mar da noite.
Espállanse
polo océano
na busca
de máis espazo
para seguires debuxando.

SOFREN

Sofren, sempre sofren
sofren pensa e repensa.
Calaverun,
agora e na gora.
Densa gota, dura e rota,
pouco duraderun,
tea de araña pegañenta
que esnaquiza os nervios.
Sofren, sempre sofren,
camiño del cemiterio.

O PEIXE

Noso vello tataravó,
señor do mundo
descoñecido
da profundidade inalcanzable.
Peixe, fálame e cóntame
como e a vida de abaixo,
do universo paralelo
descoñecido para nós.
Cóntanos o segredo
do conxuro que abre as portas
do voso mundo máxico.
O teu idioma,
o máis sinxelo de todos,
o inicial, o primario,
feito de movementos e expresión,
fálanos do teu dor
dende a metade da grima,
da triste soidade que é o mar.